

# **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN – S.11.2024**

## **Data e hora de celebración**

1 de xullo de 2024 ás 10:00 h.

## **Lugar de celebración**

Casa do Concello – 2º andar

## **Asistentes**

PRESIDENTA

Dona Marián Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta

SECRETARIO

Don Alejandro Fernández Cortés, xefe do Servizo de Contratación

VOGAIS

Don Pablo Freijomil Ojea, Interventor Substituto

Don Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral

## **Orde do día**

- 1.- Aprobación de acta: S.10.2024 - Aprobación de acta S.10.2024
- 2.- Valoración criterios avaliados automaticamente: CON/2024/12 - Servizo para a execución do programa municipal de participación cidadá
- 3.- Proposta adxudicación: CON/2024/12 - Servizo para a execución do programa municipal de participación cidadá
- 4.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor: CON/2024/31 - Desenvolvemento dunha acción formativa de Xestión de almacén-loxística no sector do comercio
- 5.- Apertura criterios avaliados automaticamente: CON/2024/31 - Desenvolvemento dunha acción formativa de Xestión de almacén-loxística no sector do comercio
- 6.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor: CON/2024/30 - Desenvolvemento da acción formativa: Limpeza hoteleira e residencial, no sector da hostalaría
- 7.- Apertura criterios avaliados automaticamente: CON/2024/30 - Desenvolvemento da acción formativa: Limpeza hoteleira e residencial, no sector da hostalaría
- 8.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor: CON/2024/18 - Desenvolvemento da acción

formativa: reposición, caixa e atención seccións supermercados, no sector da alimentación

9.- Apertura criterios avaliados automaticamente: CON/2024/18 - Desenvolvemento da acción formativa: reposición, caixa e atención seccións supermercados, no sector da alimentación

10.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor: CON/2024/26 - Desenvolvemento de 4 edicións da acción formativa Operador/a de guindastres de taller: ponte guindastre, pórtico e semipórtico, no sector da industria

11.- Apertura criterios avaliados automaticamente: CON/2024/26 - Desenvolvemento de 4 edicións da acción formativa Operador/a de guindastres de taller: ponte guindastre, pórtico e semipórtico, no sector da industria

12.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor: CON/2024/24 - Servizo de desenvolvemento de acción formativa denominada mantemento de vivendas no sector da construción

13.- Apertura criterios avaliados automaticamente: CON/2024/24 - Servizo de desenvolvemento de acción formativa denominada mantemento de vivendas no sector da construción

## **Exponse**

1.- Aprobación de acta: S.10.2024 - Aprobación de acta S.10.2024

A Mesa acorda a aprobación da acta correspondente á sesión S.10.2024, celebrada o pasado 19 de xuño de 2024.

2.- Valoración criterios avaliados automaticamente: CON/2024/12 - Servizo para a execución do programa municipal de participación cidadá

Dáse sucinta lectura do informe suscrito pola xefa do Servizo Sociocomunitario, en data 21 de xuño de 2024, no que se propón a valoración da oferta económica e do perfil profesional ofertado. A Mesa fai seu o contido deste informe, valorando a única oferta presentada de acordo co seguinte cadro:

EMPRESA	PUNT. OFERTA	PUNT. PERFÍS	TOTAL
REXENERANDO S. COOP GALEGA	35,00	7,15	42,15

O informe sinalado con anterioridade deberá publicarse para xeral coñecemento.

3.- Proposta adxudicación: CON/2024/12 - Servizo para a execución do programa municipal de participación cidadá

De acordo coa anterior avaliación, a Mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación:

Nº ORDE	EMPRESA	PUNTUACIÓN			OBSERVACIÓNS
		AUTOMÁT.	XUÍZO VALOR	TOTAL	
1	REXENERANDO S. COOP GALEGA	42,15	30,85	73,00	Proposto para a adxudicación

4.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor: CON/2024/31 - Desenvolvemento dunha acción formativa de Xestión de almacén-loxística no sector do comercio

Dáse sucinta lectura do informe emitido pola Xefa do Servizo Sociocomunitario, de data 21 de xuño de 2024, polo cal se valoran a propostas técnicas de acordo co seguinte cadro, ao abeiro da cláusula 12 do PCAP:

EMPRESA	PUNT. XUÍZO VALOR
G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	21,10
GESTION PLUS, S.L.U.	21,45
SARARTE S.L.	19,00

Por acadar o limiar mínimo de 15,00 puntos establecido na cláusula 12 do PCAP, en relación co artigo 146.3 do LCSP, todas as empresas continúan no procedemento licitatorio.

O informe referido no encabezado deberá publicarse para xeral coñecemento.

5.- Apertura criterios avaliados automaticamente: CON/2024/31 - Desenvolvemento dunha acción formativa de Xestión de almacén-loxística no sector do comercio

Procédese á apertura do “Sobre ou arquivo 2: Documentación referente aos criterios avaliados de forma automática (Oferta económica, perfil do profesorado e melloras)”, das ofertas dos licitadores que superaron a primeira fase de valoración:

NIF: B36993509 G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.

NIF: B70162649 GESTION PLUS, S.L.U.

NIF: B70223599 SARARTE S.L.

Observándose os seguintes datos:

EMPRESA	OFERTA S/ IVA	OFERTA C/ IVA	OFERTA A EFECTOS BAIXA	PRESUNCIÓN ANORMALIDADE	MÓDULOS TRANSVERSAIS	CHARLAS COMPLEMENT.	VISITAS PROFESION.	PRESENTA PERFIL
G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	40,00 €/h	40,00 €/h	9.415,93 €	NON	15	2	2	SI
GESTION PLUS, S.L.U.	39,80 €/h	39,80 €/h	9.532,64 €	NON	15	1	1	SI
SARARTE S.L.	36,30 €/h	36,30 €/h	8.490,93 €	NON	15	2	2	SI

A documentación achegada será trasladada ao Servizo Sociocomunitario, para que formule proposta de valoración dos perfís profesionais e melloras ofertadas.

6.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor: CON/2024/30 - Desenvolvemento da acción formativa: Limpeza hoteleira e residencial, no sector da hostalaría

Dáse sucinta lectura do informe emitido pola Xefa do Servizo Sociocomunitario, de data 25 de xuño de 2024, polo cal se valoran a propostas técnicas de acordo co seguinte cadro, ao abeiro da cláusula 12 do PCAP:

EMPRESA	PUNT. XUÍZO VALOR
FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	15,25
G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	21,60
GESTION PLUS, S.L.U.	22,10

Por acadar o limiar mínimo de 15,00 puntos establecido na cláusula 12 do PCAP, en relación co artigo 146.3 do LCSP, todas as empresas continúan no procedemento licitatorio.

O informe referido no encabezado deberá publicarse para xeral coñecemento.

7.- Apertura criterios avaliados automaticamente: CON/2024/30 - Desenvolvemento da acción formativa: Limpeza hoteleira e residencial, no sector da hostalaría

Procédese á apertura do “Sobre ou arquivo 2: Documentación referente aos criterios avaliados de forma automática (Oferta económica, perfil do profesorado e melloras)”, das ofertas dos licitadores que superaron a primeira fase de valoración:

NIF: B32428054 FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.

NIF: B36993509 G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.

NIF: B70162649 GESTION PLUS, S.L.U.

Observándose os seguintes datos:

EMPRESA	OFERTA S/ IVA	OFERTA C/ IVA	OFERTA A EFECTOS BAIXA	PRESUNCIÓN ANORMALIDADE	MÓDULOS TRANSVERSAIS	CHARLAS COMPLEMENT.	VISITAS PROFESION.	PRESENTA PERFIL
FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	33,90 €/h	€/h	7.890,93 €	NON	15	2	2	SI
G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	39,00 €/h	€/h	9.165,93 €	NON	15	2	2	SI
GESTION PLUS, S.L.U.	34,88 €/h	€/h	8.302,64 €	NON	15	1	1	SI

A documentación achegada será trasladada ao Servizo Sociocomunitario, para que formule proposta de valoración dos perfís profesionais e melloras ofertadas.

8.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor: CON/2024/18 - Desenvolvemento da acción formativa: reposición, caixa e atención seccións supermercados, no sector da alimentación

Dáse sucinta lectura do informe emitido pola Xefa do Servizo Sociocomunitario, de data 27 de xuño de 2024, polo cal se valoran a propostas técnicas de acordo co seguinte cadro, ao abeiro da cláusula 12 do PCAP:

EMPRESA	PUNT. XUÍZO VALOR
FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	15,35
G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	21,10
GESTION PLUS, S.L.U.	21,45
TELEMÁTICA GALICIA S.L.	16,85

Por acadar o limiar mínimo de 15,00 puntos establecido na cláusula 12 do PCAP, en relación co artigo 146.3 do LCSP, todas as empresas continúan no procedemento licitatorio.

O informe referido no encabezado deberá publicarse para xeral coñecemento.

9.- Apertura criterios avaliados automaticamente: CON/2024/18 - Desenvolvemento da acción formativa: reposición, caixa e atención seccións supermercados, no sector da alimentación

Procédese á apertura do “Sobre ou arquivo 2: Documentación referente aos criterios avaliados de forma automática (Oferta económica, perfil do profesorado e melloras)”, das ofertas dos licitadores que superaron a primeira fase de valoración:

NIF: B32428054 FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.

NIF: B36993509 G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.

NIF: B70162649 GESTION PLUS, S.L.U.

NIF: B15687999 TELEMATICA GALICIA S.L.

Observándose os seguintes datos:

EMPRESA	OFERTA S/ IVA	OFERTA C/ IVA	OFERTA A EFECTOS BAIXA	PRESUNCIÓN ANORMALIDADE	MÓDULOS TRANSVERSAIS	CHARLAS COMPLEMENT.	VISITAS PROFESION.	PRESENTA PERFIL
FORGAL FORMACION Y CONSULTORIA, S.L.	32,70 €/h	32,70 €/h	19.042,73 €	NON	15	2	2	SI
G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	36,00 €/h	36,00 €/h	21.022,73 €	NON	15	2	2	SI
GESTION PLUS, S.L.U.	32,80 €/h	32,80 €/h	19.212,73 €	NON	15	2	1	SI
TELEMÁTICA GALICIA S.L.	33,00 €/h	33,00 €/h	19.304,28 €	NON	10	2	2	SI

A documentación achegada será trasladada ao Servizo Sociocomunitario, para que formule proposta de valoración dos perfís profesionais e melloras ofertadas.

10.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor: CON/2024/26 - Desenvolvemento de 4 edicións da acción formativa Operador/a de guindastres de taller: ponte guindastre, pórtico e semipórtico, no sector da industria

Dáse sucinta lectura do informe emitido pola Xefa do Servizo Sociocomunitario, de data 27 de xuño de 2024, polo cal se valora a proposta técnica de acordo co seguinte cadro, ao abeiro da cláusula 12 do PCAP:

EMPRESA	PUNT. XUÍZO VALOR
GESTION PLUS, S.L.U.	22,20

Por acadar o limiar mínimo de 15,00 puntos establecido na cláusula 12 do PCAP, en relación co artigo 146.3 do LCSP, a empresa continúa no procedemento licitatorio.

O informe referido no encabezado deberá publicarse para xeral coñecemento.

11.- Apertura criterios avaliados automaticamente: CON/2024/26 - Desenvolvemento de 4 edicións da acción formativa Operador/a de guindastres de taller: ponte guindastre, pórtico e semipórtico, no sector da industria

Procédese á apertura do “Sobre ou arquivo 2: Documentación referente aos criterios avaliados de forma automática (Oferta económica, perfil do profesorado e melloras)”, da oferta do licitador que superou a primeira fase de valoración:

NIF: B70162649 GESTION PLUS, S.L.U.

Observándose os seguintes datos:

EMPRESA	OFERTA S/ IVA	OFERTA C/ IVA	OFERTA A EFECTOS BAIXA	PREUNCIÓN ANORMALIDADE	MÓDULOS TRANSVERSAIS	CHARLAS COMPLEMENT.	VISITAS PROFESION.	PRESENTA PERFIL
GESTION PLUS, S.L.U.	88,50 €/h	88,50 €/h	13.692,51 €	NON	18	1	1	SI

A documentación achegada será trasladada ao Servizo Sociocomunitario, para que formule proposta de valoración dos perfís profesionais e melloras ofertadas.

12.- Valoración criterios baseados en xuízos de valor: CON/2024/24 - Servizo de desenvolvemento de acción formativa denominada mantemento de vivendas no sector da construción

Dáse sucinta lectura do informe emitido pola Xefa do Servizo Sociocomunitario, de data 27 de xuño de 2024, polo cal se valoran a propostas técnicas de acordo co seguinte cadro, ao abeiro da cláusula 12 do PCAP:

EMPRESA	PUNT. XUÍZO VALOR
FUNDACION LABORAL DE LA CONSTRUCCION	18,45
SARARTE S.L.	NON VALORADO*

\*Sinala o precitado informe:

*Examinouse o proxecto técnico da oferta presentada pola entidade, FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN (NIF G80468416) e procedeuse a puntuar esta oferta aplicando os criterios de avaliación recollidos no informe sobre os criterios de adjudicación e no prego técnico. O proxecto técnico da oferta presentada pola empresa SARARTE, SL (NIF B70223599), queda excluída, debido ao establecido na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas, que no punto 3, destaca que as ofertas que excedan do número máximo de páxinas quedarán excluídas da licitación. “O proxecto técnico deberá abranger todos os aspectos indicados na cláusula 12.B) deste prego, cunha extensión máxima de 20 páxinas (sen contar a carátula e o índice)... “ O proxecto técnico presentado pola empresa SARARTE, SL, ten unha extensión de 22 páxinas, sen contar as tres páxinas de carátula e índice, excedendo do número máximo de páxinas establecido.*

A Mesa fai seu o contido deste informe, polo que se propón a exclusión de SARARTE S.L., sen que se proceda á apertura do sobre que contén a oferta económica e demais referencias avaliábeis automaticamente.

Así mesmo, por acadar o limiar mínimo de 15,00 puntos establecido na cláusula 12 do PCAP, en relación co artigo 146.3 do LCSP, a oferta de FUNDACION LABORAL DE LA CONSTRUCCION continúa no procedemento licitatorio.

O informe referido no encabezado deberá publicarse para xeral coñecemento.

13.- Apertura criterios avaliábeis automaticamente: CON/2024/24 - Servizo de desenvolvemento de acción formativa denominada mantemento de vivendas no sector da construción

Procédese á apertura do “Sobre ou arquivo 2: Documentación referente aos criterios avaliábeis de forma

automática (Oferta económica, perfil do profesorado e melloras)”, da oferta do licitador que superou a primeira fase de valoración:

NIF: G80468416 FUNDACION LABORAL DE LA CONSTRUCCION

Observándose os seguintes datos:

EMPRESA	OFERTA S/ IVA	OFERTA C/ IVA	OFERTA A EFECTOS BAIXA	PRESUNCIÓN ANORMALIDADE	MÓDULOS TRANSVERSAIS	CHARLAS COMPLEMENT.	VISITAS PROFESION.	PRESENTA PERFIL
FUNDACION LABORAL DE LA CONSTRUCCION	74,90 €/h	74,90 €/h	29.960,00 €	NON	0	0	0	SI

A documentación achegada será trasladada ao Servizo Sociocomunitario, para que formule proposta de valoración dos perfís profesionais ofertados.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as 10 horas e 48 minutos, redactándose a presente acta de cuxo contido eu, como Secretario, dou fe co visto e praxe da Presidenta

D. Alejandro Fernández Cortés

Dna. Marián Ferreiro Díaz

Xefe do Servizo de Contratación – Secretario

Alcaldesa-Presidenta – Presidenta da Mesa